

Dous. O actual punto 5 da disposición adicional quinta pasará a se-lo punto 6.

Artigo terceiro. *Modificación da Lei orgánica 1/1979, do 26 de setembro, xeral penitenciaria.*

Introdúcense dous novos puntos, o 5 e o 6, no artigo 72 da Lei orgánica 1/1979, do 26 de setembro, xeral penitenciaria, coa seguinte redacción:

«5. A clasificación ou progresión ó terceiro grao de tratamento requirirá, ademais dos requisitos previstos polo Código penal, que o penado satisfíxese a responsabilidade civil derivada do delito, considerando para tales efectos a conducta efectivamente observada orientada a restituí-lo subtraído, repara-lo dano e indemniza-los prexuízos materiais e morais; as condicións persoais e patrimoniais do culpable, para efectos de valora-la súa capacidade real, presente e futura para satisfice-la responsabilidade civil que lle corresponda; as garantías que permitan asegura-la satisfacción futura; a estimación do enriquecemento que o culpable obtivese pola comisión do delito e, se é o caso, o dano ou entorpecemento producido ó servizo público, así como a natureza dos danos e perdas causados polo delito, o número de prexudicados e a súa condición.

Singularmente, aplicarase esta norma cando o interno fose condenado pola comisión dalgún dos seguintes delitos:

- a) Delictos contra o patrimonio e contra a orde socioeconómica que revestisen notoria gravidade e prexudicasen unha xeneralidade de persoas.
- b) Delictos contra os dereitos dos traballadores.
- c) Delictos contra a Facenda Pública e contra a Seguridade Social.
- d) Delictos contra a Administración pública comprendidos nos capítulos V ó IX do título XIX do libro II do Código penal.

6. Do mesmo modo, a clasificación ou progresión ó terceiro grao de tratamento penitenciario de persoas condenadas por delitos de terrorismo da sección segunda do capítulo V do título XXII do libro II do Código penal ou cometidos no seo de organizacións criminais, requirirá, ademais dos requisitos previstos polo Código penal e a satisfacción da responsabilidade civil coas súas rendas e patrimonio presentes e futuros nos termos do punto anterior, que mostren signos inequívocos de teren abandonado os fins e os medios terroristas, e ademais teñan colaborado activamente coas autoridades, ben para impedi-la produción doutros delitos por parte da banda armada, organización ou grupo terrorista, ben para atenua-los efectos do seu delito, ben para a identificación, captura e procesamento de responsables de delitos terroristas, para obter probas ou para impedi-la actuación ou o desenvolvemento das organizacións ou asociacións ás que teñan pertencido ou coas que teñan colaborado, o que poderá acreditarse mediante unha declaración expresa de repudio das súas actividades delictivas e de abandono da violencia e unha petición expresa de perdón ás vítimas do seu delito, así como polos informes técnicos que acrediten que o preso está realmente desvinculado da organización terrorista e do contorno e actividades de asociacións e colectivos ilegais que a rodean e a súa colaboración coas autoridades.»

Artigo cuarto. *Modificación da Lei de axuizamento criminal.*

Dáselle unha nova redacción e introdúcese un novo punto no artigo 989 da Lei de axuizamento criminal, que queda coa seguinte redacción:

«1. Os pronunciamentos sobre responsabilidade civil serán susceptibles de execución provisional conforme o disposto na Lei de axuizamento civil.

2. Para efectos de executa-la responsabilidade civil derivada do delito ou falta e sen prexuízo da aplicación das disposicións da Lei de axuizamento civil, os xuíces ou tribunais poderanlle encomendar á Axencia Estatal de Administración Tributaria ou, se é o caso, ós organismos tributarios das facendas forais as actuacións de investigación patrimonial necesarias para pór de manifesto as rendas e o patrimonio presente e os que vaia adquirindo o condenado mentres non satisfaga a responsabilidade civil determinada en sentenza.»

Disposición transitoria única.

O disposto, conforme esta lei, nos artigos 90 e 93.2 do Código penal, respecto ás circunstancias para acceder á concesión da liberdade condicional, e no artigo 72.5 e 6 da Lei orgánica xeral penitenciaria respecto á clasificación ou progresión ó terceiro grao de tratamento penitenciario, será aplicable ás decisións que se adopten sobre as devanditas materias desde a súa entrada en vigor, con independencia do momento de comisión dos feitos delictivos ou da data da resolución en virtude da cal se estea cumprindo a pena.

Disposición derradeira primeira. *Natureza desta lei.*

Esta lei ten carácter de lei orgánica, salvo o artigo cuarto, que modifica a Lei de axuizamento criminal.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta lei orgánica entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 30 de xuño de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE

13026 *REAL DECRETO 828/2003, do 27 de xuño, polo que se establecen os aspectos educativos básicos da educación preescolar. («BOE» 156, do 1-7-2003.)*

A Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, determina no seu artigo 10 que a educación preescolar ten como finalidade a atención educativa e asistencial á primeira infancia. No mesmo

artigo dispónse que o Goberno establecerá os aspectos educativos básicos desta etapa.

Cómpre, xa que logo, determina-los aspectos educativos que deben observa-las institucións que atendan nenos desta etapa, vinculados a factores e procesos evolutivos relacionados coas experiencias, o desenvolvemento e as aprendizaxes propias destas idades.

A educación preescolar, de carácter voluntario para os pais, ten como finalidade dar resposta ás necesidades dos nenos e das súas familias co fin de que estas poidan concilia-la vida laboral e a familiar, e os seus fillos sexan educados a través de experiencias que, de acordo co seu proceso de maduración, lles faciliten a adquisición dos hábitos e destrezas propios da súa idade.

Para posibilita-la consecución destes fins faise preciso dota-la educación preescolar dunha normativa básica que lles facilite ás administracións territoriais unha organización acorde coas necesidades e as demandas das familias.

A educación preescolar debe ser personalizada e débese desenvolver nun clima de seguridade e afecto que lles posibilite ós nenos un desenvolvemento emocional equilibrado e que, á vez, garanta a resposta ás súas necesidades fisiolóxicas, intelectuais e de socialización. A adquisición da autonomía persoal a través do progresivo dominio do seu corpo, o desenvolvemento sensorial e a súa capacidade de comunicación e socialización son as metas que deben orientar esta etapa educativa. Pola súa vez, a educación preescolar debe estar en estreita coordinación coa educación infantil, na que se deben consolida-los hábitos e as destrezas que se inician na etapa de educación preescolar.

Os alumnos con necesidades educativas especiais, transitorias ou permanentes, precisan, neste período básico da súa vida, por canto determinará o seu desenvolvemento futuro, dunha atención temperá, contando cunha resposta apropiada e adaptada de carácter preventivo e compensador por parte das distintas administracións.

No proceso de elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e emitiron informe o Consello Escolar do Estado e o Ministerio de Administracións Públicas.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Educación, Cultura e Deporte, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 27 de xuño de 2003,

DISPÓN O :

Artigo 1. *Principios xerais.*

1. A educación preescolar, que ten carácter voluntario para os pais, ten como finalidade a atención educativa e asistencial á primeira infancia.

2. A educación preescolar está dirixida ós nenos de ata tres anos de idade.

3. As administracións competentes atenderán as necesidades que concorran nas familias e deberán coordinar unha oferta de postos de educación preescolar capaz de satisfacer-las demandas.

4. As administracións competentes porán especial atención nos alumnos con necesidades educativas especiais.

Artigo 2. *Ámbitos.*

A educación preescolar atenderá, fundamentalmente, os seguintes ámbitos:

- a) O desenvolvemento da linguaxe, como centro da aprendizaxe.
- b) O coñecemento e progresivo control do seu propio corpo.
- c) O xogo e o movemento.
- d) O descubrimento do contorno.
- e) A convivencia cos demais.
- f) O desenvolvemento das súas capacidades sensoriais.
- g) O equilibrio e desenvolvemento da súa afectividade.
- h) A adquisición de hábitos de vida saudable que constitúan o principio dunha adecuada formación para a saúde.

Artigo 3. *Requisitos básicos dos profesionais.*

A educación preescolar será impartida por mestres coa especialidade de educación infantil, técnicos superiores en educación infantil ou por outros profesionais coa debida cualificación para lles prestar unha atención apropiada ós nenos desta idade.

Artigo 4. *Requisitos mínimos dos centros.*

Os centros que atendan nenos desta idade deberán te-las necesarias condicións de hixiene e seguridade, así como dispor de instalacións suficientes e adecuadas para a consecución dos obxectivos establecidos, tanto desde o punto de vista educativo como do da asistencia ás necesidades dos nenos. En todo caso, deberán contar con salas diferenciadas en función da idade e o número dos nenos escolarizados, espazo de xogos e aseos e servicios hixiénico-sanitarios adecuados, tanto para os nenos como para o persoal do centro.

Artigo 5. *Organización e coordinación.*

1. No marco do que dispón este real decreto, correspóndelles ás comunidades autónomas a organización da atención educativa e asistencial dirixida ós nenos de ata tres anos de idade, así como o establecemento das condicións que deberán reuni-los centros e as institucións en que se preste.

2. Así mesmo, exercerán a coordinación desta etapa educativa nos ámbitos territoriais das súas competencias, así como o establecemento dos controis e a inspección necesarios para garanti-la calidade do servizo e o cumprimento das normas que o regulan. A Inspección de Educación exercerá a supervisión dos aspectos educativos deste servizo.

Disposición transitoria única. *Da adaptación dos centros que imparten educación infantil.*

Os centros que atenden nenos menores de tres anos, e que non estean autorizados como centros de educación infantil, deberán adaptar ós requisitos mínimos establecidos neste real decreto para os centros de educación preescolar, dentro do prazo previsto para a implantación desta etapa educativa no Real decreto 827/2003, do 27 de xuño, polo que se establece o

calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo, establecida pola Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

1. Na medida en que se vaia implantando a nova ordenación da educación preescolar establecida neste real decreto, de acordo co disposto no Real decreto 827/2003, do 27 de xuño, polo que se establece o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo, quedará sen efecto o contido do Real decreto 1330/1991, do 6 de setembro, polo que se establecen os aspectos básicos do currículo da educación infantil, no referente á regulación do primeiro ciclo deste nivel.

2. Quedan derogadas as demais normas de igual ou inferior rango en canto se o poñan ó establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto, que se dicta ó abeiro do disposto no artigo 149.1.1.^a e 30.^a da Constitución española, a disposición adicional primeira, número dous, da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, e en virtude da habilitación que lle confire ó Goberno a Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, no seu artigo 10.2, ten carácter de norma básica.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento regulamentario.*

Correspóndelle ó ministro de Educación, Cultura e Deporte, sen prexuízo do que dispoñan as comunidades autónomas no ámbito das súas competencias, dictar cantas disposicións sexan precisas para o desenvolvemento e a execución do disposto neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid, o 27 de xuño de 2003.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Educación, Cultura e Deporte,

PILAR DEL CASTILLO VERA

13027 REAL DECRETO 829/2003, do 27 de xuño, polo que se establecen as ensinanzas comúns da educación infantil. («BOE» 156, do 1-7-2003.)

Segundo establece a Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, no seu artigo 8.2, correspóndelle ó Goberno fixa-las ensinanzas comúns, que son os elementos básicos do currículo, en canto ós obxectivos, contidos e criterios de avaliación. A fixación destas ensinanzas é, en todo caso e pola súa propia natureza, competencia exclusiva do Estado, de acordo co previsto pola Lei orgánica 8/1985, do 3 de

xullo, reguladora do dereito á educación, na súa disposición adicional primeira.2.c), e a teor da disposición derradeira terceira.2 da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación.

A finalidade destas ensinanzas comúns, e razón de ser da competencia que lle corresponde en exclusiva ó Estado para as fixar, é garantir unha formación común a tódolos alumnos dentro do sistema educativo español, como se expresa no artigo 8.2 da referida Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación.

Para asegura-lo logro desta finalidade, as ensinanzas comúns deben quedar incluídas, nos seus propios termos, no currículo que cada unha das administracións educativas estableza para o seu respectivo territorio.

A estas esixencias, impostas pola propia finalidade das ensinanzas comúns, obedece a fixación que, dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación, das correspondentes ó nivel de educación infantil, se leva a cabo neste real decreto.

A preocupación pola infancia como reto das sociedades democráticas, o respecto ós dereitos dos nenos, a necesidade de crear condicións educativas de calidade baseadas no esforzo, a importancia dunha preparación inicial e permanente do profesorado fundamentada na práctica, na investigación e na innovación educativa e as experiencias dos países da Unión Europea son eixes dinamizadores da educación infantil.

A educación infantil será individualizada e personalizada para se axustar ó ritmo de crecemento, desenvolvemento e aprendizaxe de cada neno e, así mesmo, favorecerá a transmisión e o desenvolvemento dos valores para a vida e a convivencia desde os primeiros anos escolares. Os alumnos con necesidades educativas especiais, transitorias ou permanentes, necesitan un diagnóstico e unha educación especializada temperá, e serán atendidos neste nivel por medio dunha resposta educativa apropiada e adaptada de carácter preventivo e compensador.

Este modelo educativo responderá ás necesidades e características físicas, cognitivas, estéticas, afectivas e sociais do neno de tres a seis anos por medio de actividades e experiencias, aplicadas nun ambiente de afecto e de confianza, e o xogo como un dos principais recursos educativos.

Neste nivel procurárase que o neno aprenda a facer uso da linguaxe e se inicie na aprendizaxe da lectura e a escritura, e comprenderá o desenvolvemento de actividades lingüísticas e o inicio da plena comprensión do significado.

A partir dos tres anos o neno dispón da capacidade de poder operar con múltiples representacións, polo que xa se pode empezar a prepara-la conciencia da relación da linguaxe oral coa representación gráfica por medio de pictogramas, nun contexto integrado de actividades comunicativas.

Ós catro anos, debe ser capaz de recoñecer palabras moi significativas do seu contorno, e será posible favorecer-la súa habilidade lectora. De forma progresiva aparece no neno o interese por recoñecer-las letras como compoñentes das palabras, que debe se-lo punto de partida no proceso da lectura e da escritura.

Para poder acomete-la lingua escrita con éxito, será preciso estimular-lo desenvolvemento da linguaxe oral, adestrando os alumnos para produciren sons, sílabas e palabras con soltura.

A aprendizaxe da lingua escrita debe permitir que os nenos comencen a descubri-las posibilidades que ofrece a lectura e tamén a escritura, como fonte de pracer, fantasía, comunicación e información.

Para favorece-lo proceso de ensino-aprendizaxe terase en conta a necesidade que ten o neno dun clima